

3º CIENCIAS DA NATUREZA

Imos ler 2 follas do libro de texto, tamén imos a interpretar os debuxos e lembrar como funciona o noso corpo.

Lemos páxinas: **52-53**

Lemos en voz baixa ata entender ou en voz alta para alguén da casa. Despois de ler podemos explicarllo coas nosas palabras.

Coas fotocopias do tema 3 que xa vos enviei ao longo destas semanas, facemos as seguintes tarefas:

EXERCICIOS PARA FACER NA LIBRETA, PÁXINAS 56-57:

- Facemos o recadro do RESUMO e completámolo.
- Exercicios: 1 (A palabra que falta en un color diferente) – 2 -4 – 5

Cambiamos ao longo da nosa vida

Como todos os seres vivos, as persoas cambiamos ao longo da nosa vida.

O noso corpo comeza a formarse e crecer durante o período de **xestación**, que é o que ten lugar no interior do ventre da nosa nai. Este período dura uns nove meses, e finaliza cando nacemos.

Tras o nacemento, as persoas atravesamos catro etapas: infancia, adolescencia, idade adulta e vellez.


● A infancia

A infancia ou nenez, a etapa na que te encontras, dura os primeiros once ou doce anos da nosa vida.

- Durante os primeiros tres anos somos bebés. Case todos tomamos leite materno durante un tempo. Crecemos moi á prisa e o noso corpo remata de madurar. Sáennos os primeiros dentes, chamados «de leite», e aprendemos a andar, a falar, a controlar o corpo...
- A partir dos tres anos seguimos crecendo, aínda que máis devagar. Cada vez somos capaces de aprender máis cousas e máis complicadas. Contra os cinco anos comezamos a cambiar os dentes de leite polos definitivos.

COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Por que os bebés de curta idade só poden tomar alimentos líquidos?
- 2 Compara. Que diferenza hai entre os dentes dun neno de tres anos e os dun adulto de vinte e cinco?



● A adolescencia


A adolescencia comeza aos once ou doce anos. Antes nas nenas ca nos nenos. Remata cara aos vinte anos.

Nesta etapa o noso corpo remata de crecer e de formarse e tomamos o aspecto de adultos. Seguimos aprendendo.

Tamén cambia o noso xeito de ser: sentímonos maiores e toman importancia na nosa vida as relacións de amizade.

Cara aos vinte anos o noso corpo e a nosa mente están completamente formados.

Adolescencia




● A idade adulta ou madurez

Esta etapa dura desde os vinte anos ata os setenta. Nela, o noso corpo xa apenas crece e vai envellecendo pouco a pouco.

É a etapa na que adoitamos formar familias e desenvolver as nosas tarefas na vida. Seguimos aprendendo e adquirimos cada vez máis experiencia e seguridade.

Madurez




● A vellez

A partir dos setenta anos aproximadamente, o noso corpo e a nosa mente comezan a funcionar peor. Aínda así, achegamos experiencia e seguimos aprendendo e gozando da vida.

Ao final desta etapa, os seres humanos morremos.

Vellez



COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...




3 Constrúe unha táboa cos nomes das etapas da vida, coas súas idades e cos principais cambios que nos suceden en cada unha delas.

4 Que quere dicir «adquirir experiencia»?

REPASO DA UNIDADE

RESUMO

Indica no teu caderno que debería ir en lugar dos recadros A, B e C.



1 Escribe no teu caderno estas frases, pero engade as palabras que faltan:

- Os seres humanos somos porque temos un interno cunha columna que percorre as nosas costas.
- Podemos coller obxectos con precisión grazas ás nosas, que teñen un polgar
- O noso aparato, mediante o, encárgase de distribuír substancias nutritivas e osíxeno por todo o corpo.
- A é o período que pasamos no interior do ventre da nosa nai.

2 En cada un destes grupos de palabras hai unha intrusa. Localízala, escríbela no teu caderno e di por que é intrusa.

- Dixestivo, respiratorio, ollo, excretor.
- Sangue, cerebro, nervio, oído.
- Persoa, mosca, pardal, troita.

3 Que teñen de especial as mans humanas?

4 Nomea os órganos e aparatos que interveñen na nosa función de relación.

5 De que aparato forma parte a columna vertebral?


6 De todos os aparatos do corpo humano que se nomearon nesta unidade, só un é diferente nos homes e nas mulleres. Cal é?

7 O corazón humano latexa unhas 80 veces cada minuto. Cantas veces latexa en cinco minutos? E nunha hora?

8 Segundo os datos que liches en páxinas anteriores, calcula cantos anos duran as etapas da infancia e da madureza.

9 Identifica o aparato representado no debuxo da dereita e relaciónao cunha función vital e cunha tarefa.

10 Relaciona. O aparato excretor expulsa do noso corpo substancias de refugallo. Tamén o fai a pel coa suor. Que outro aparato expulsa do corpo unha substancia de refugallo?



AVANZO

11 Cada un dos aparatos e sistemas do noso corpo está formado por varios órganos. Por exemplo, na imaxe da dereita sinaláronse algúns dos órganos que forman parte do aparato respiratorio.

- Nesta actividade vas facer un debuxo rotulado doutro aparato do corpo humano: o excretor. Para iso, copia ou calca un debuxo do aparato excretor humano.
- Despois, busca información e rotula todos os órganos do aparato excretor que poidas identificar no teu debuxo.

